

D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo
Praza do Rei, 1
36202 Vigo

Vigo, 14 de maio de 2026

Estimado alcalde:

Como representante da Deputación de Pontevedra na nosa cidade, quero trasladarche, unha vez máis, a miña vontade de reforzar a colaboración institucional co Concello de Vigo a través dos convenios anuais de investimento que ambas administracións vimos asinando nos últimos anos. Esta implicación da Deputación con Vigo supón un fito difícil de discutir: nos últimos dous anos comprometéronse máis de 47 millóns de euros en investimentos na cidade, unha cifra sen precedentes que se está a materializar, entre outros, a través dos dez convenios que xa se formalizaron co Concello desde que teño a honra de exercer as miñas responsabilidades en Vigo como parte do Goberno provincial.

Por este motivo, como xa coñecerás, os técnicos provinciais e municipais están a intercambiar documentación para formalizar a colaboración da Deputación de Pontevedra na humanización da rúa Rosalía de Castro cun investimento de 1,7 millóns de euros, que supón o 70% de fondos provinciais sobre o custe total do proxecto.

Por outra parte, os traballos por parte da Deputación para avanzar no convenio para a mellora da rúa doutor Carracido atópanse na súa fase final, coa previsión dun investimento provincial de 2,15M€ (70%). Como deberías coñecer ou deberíanche ter informado, e en contra das manifestacións públicas que realizaches recentemente, este convenio tramitarase a través dos Orzamentos provinciais do ano 2026, polo que non é certo que esta obra acumule algún tipo de retraso pola tramitación provincial. De feito, nada impide ao Concello de Vigo impulsar unha actuación da súa competencia, como é o caso da rúa Doutor Carracido, do mesmo xeito que en 2025 desde a Deputación aprobamos investir 5M€ na piscina de Teis, o 70% do custe total, con estas obras iniciadas.

Como puiden manifestar che repetidamente, propoño che establecer un marco de cooperación institucional que facilite a colaboración leal para mellorar Vigo e que todos os vigueses e viguesas sintan os seus intereses mellor atendidos por riba de calquera interese particular. Por este motivo, precisamos que nos aclares se as manifestacións públicas efectuadas sobre a rúa Doutor Carracido supoñen a renuncia do Concello á achega provincial, unha vez deras a entender que o Concello non a necesita.

Independentemente desta circunstancia, permíteme instar a que a cooperación mutua que os cidadáns agardan de nós permita desenvolver un traballo frutífero e rigoroso que atenda as múltiples actuacións imprescindibles que Vigo demanda de xeito inaprazable. Por este motivo, véxome na obriga de advertir que a estas alturas do ano o Concello de Vigo aínda non presentou formalmente as propostas necesarias para investir a totalidade dos 5 millóns de euros postos a súa disposición desde o pasado 1 de xaneiro.

Entre a multitude de peticións que numerosos colectivos de Vigo manifestan propoño a mellora urxente de múltiples instalacións deportivas, como a reforma integral do pavillón de Cabral onde desenvolve a súa actividade a AD Carballal dun xeito exemplar e exitoso. Xa hai máis de dous anos do anuncio dun proxecto para acometer esta mellora, que debe cumprir coas condicións que esta entidade e Cabral merecen e estar á altura do seu proxecto deportivo e social.

Nesta mesma liña, quero salientar que a promesa municipal de mellorar as instalacións do Club de Remo Virxe da Guía quedou esquecida e provocou o seu estado ruinoso, en contraste co prestixio do club e a importancia que o remo ten na ría de Vigo. Agardo que poidamos explorar a solución compartida que restableza a normalidade desta entidade viguesa.

Igualmente, propoño a reforma do auditorio do Centro Social, Cultural e Recreativo de Beade require de maior implicación municipal, tendo en conta que esta parroquia realiza un esforzo singular ao non dispoñer dunhas instalacións públicas nas que desenvolver a súa actividade.

Outra aspiración longamente agardada, e que propoño abordar conxuntamente, é a construción dunha zona multideportiva na zona das Plantas, en Bembrive, para dar acollida ao campo de béisbol que o club vigués Trasnós necesita para desenvolver a súa actividade axeitadamente en Vigo, mentres se amplía a oferta para outras disciplinas e modalidades deportivas.

En definitiva, con estas propostas, que non son máis que unha mostra das necesidades urxentes que Vigo precisa atender, a Deputación quere seguir demostrando, con feitos e investimentos concretos, a súa implicación coa cidade de Vigo e coas súas parroquias.

Coma sempre, podes contar coa miña absoluta disposición para analizar estas actuacións e concretar os termos dos próximos convenios para continuar traballando polos intereses de todos os vigueses e viguesas.

Atentamente,

